

# Conferencia do escritor catalán Pere Gimferrer, Premio Escritor Galego Universal 2016

(A Coruña, 12 de maio de 2016) Pere Gimferrer chega hoxe a Galicia para recoller o Premio Escritor Galego Universal 2016. Este premio, que chega á súa undécima edición, será entregado pola Asociación de Escritoras Lingua Galega a Gimferrer no marco da Gala do Libro Galego, que esta entidade coorganiza xunto coa Federación de Librarías de Galicia e a Asociación Galega de Editores o vindeiro sábado, 14 de maio, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

Así, Pere Gimferrer súmase a unha nómina de escritoras e escritores que unen á excelencia literaria o compromiso ético que os converte en referentes na defensa da dignidade nacional e humana; son os seguintes: Mahmud Darwix, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda, José Luis Sampedro, Lídia Jorge, Bernardo Atxaga e Luiz Ruffato.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega destaca con esta mención a alta calidad literaria do conxunto da obra de Pere Gimferrer, coa que nos dá testemuño do seu tempo, do noso tempo, desde un insubornábel compromiso ético. A súa é unha traxectoria literaria incontestábel, apreciada por crítica e público, nun consenso difícil de conseguir.

**Con motivo da súa estadía en Galicia, Pere Gimferrer desenvolverá unha axenda de actos que mañá, venres 13 de maio, ás 19.30 no Salón de Actos da Fundación Luís Seoane da Coruña, contempla unha conferencia (entrada libre até completar aforo), na que estará acompañado por Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG, e Eduard Velasco, escritor e tradutor, quen repasará a traxectoria do autor catalán.**

---

Pere Gimferrer (Barcelona, 1945) é poeta, narrador e ensaísta. Membro da Real Academia Española e da Reial Acadèmia de Bones Lletres de Barcelona. A súa obra desenvolveuse en catalán, castelán, francés e italiano.

Iniciou a súa obra en castelán con *Mensaje del tetrarca* (1963), mais foi o seu poemario *Arde el mar* (1966) o que lle valeu o Premio Nacional de Poesía e o deu a coñecer como o gran poeta que marcou un cambio de época na poesía española. Despois de *La muerte en Beverly Hills* (1969), xa en 1970, inicia a súa producción poética en catalán con *Els miralls* (1970), ao que seguiron títulos como *L'espai desert* (1977), *El vendaval* (1988), *Mascarada* (1996), *El diamant dins l'aigua* (2001) ou os más recentes —despois de trece anos de producción poética en castelán— *El castell de la puresa* (2014) e

*Marinejant* (2015).

Como narrador publicou en 1983 a novela *Fortuny*, que lle valeu o Premio Ramon Llull de Novela e mais o Premio da Crítica de Narrativa Catalá. Tamén destaca o seu *Dietari*, que reúne prosas escritas entre 1979 e 1982.

A súa produción ensaística céntrase, principalmente, na obra de poetas como J.V. Foix, Octavio Paz ou Vicente Aleixandre (*La poesía de J.V. Foix*, 1974; *Lecturas de Octavio Paz*, 1983; *Perfil de Vicente Aleixandre*, 1986), na de artistas como Antoni Tàpies e Joan Miró (Antoni Tàpies i l'esperit català, 1974; *Les arrels de Miró*, 1993) e nas relacións entre o cinema e a literatura (*Cine y literatura*, 1985).